

## COGOMELOS NA ILLA DE ONS. II Parte

Por: **Santy Corral**

Membro fundador da Agrupación Micolóxica Naturalista “Liboreiro” de Bueu

Na revista Aunios Nº 15 do ano 2010 xa se explicou que é un cogomelo, de como se alimentan, dos saprófitos, parasitos e micorrízicos. Foi un pequeno resumo das especies máis comúns que se poden atopar na illa de Ons. Pois ben, dez anos despois estes nomes científicos de uns cantos cogomelos mudaron moito, algúns mantiveron o xénero, a outros lle cambiaron de nome á especie e noutros casos xénero e especie. Son os resultados de estudos modernos de xenética, ADN, etc. Daquelas especies as que se manteñen cos nomes anteriores son: a zarrota (*Macrolepiota procera*), o fungo da muña (*Lactarius deliciosus*), a sendeiríña (*Marasmius oreades*), a cantarela (*Cantharellus cibarius*), a lingua de gato (*Hydnum repandum*) e da fermosa atolamoscas (*Amanita muscaria*). Pero xa no grupo dos Boletales é onde houbo un cambio significativo, atopamos algúns cambios que se indican a continuación. Por exemplo a andoa escura (*Xerocomus badius*) e a andoa de pé vermello (*Boletus erythropus*) mudaron de xénero, agora se denominan *Imleria badia* e *Neoboletus erythropus* respectivamente. Para rematar o máis coñecido e consumido dos boletos, o madeirudo ou cogordo (*Boletus edulis*), mantense de momento co seu nome completo. Unha vez un bo micólogo galego que xa impartiu varias charlas nas xornadas micolóxicas de Bueu, mentres desfrutabamos dunhas horas de monte antes da conferencia comentou, “hai xente que lle gusta estar cambiándolle os nomes aos cogomelos e outros aos que nos gusta estudalos”. Cantas máis voltas vai dar todo isto?, pois cos anos saberémolo, non nos queda outra que ir aos poucos memorizando cada vez máis nomes científicos actualizados.

A maioría da xente cando vai ao monte aos cogomelos só busca o fin gastronómico. Nós, na nosa agrupación, cando saímos á natureza un día de campo ou varios, cada un vai ao seu, como en Bueu. Temos diversas afeccións, amáis común é a micoloxía, logo están as plantas, como non, pois moitas delas teñen cogomelos asociados, temos que coñecelas, identificalas ben e saber onde frutifican, por outra banda están os liques, a bichería en xeral que asoma por todas partes, etc. Importantísimo para poder aguantarnos nas saídas é levar unha cámara e pararse para a observación, ou ter moita paciencia... A cada cogomelo que atopamos facemos unha parada para a identificación, logo cada un ten que facer a súa foto e algúns máis meticulosos como o que escribe quere facer a foto á súa maneira, neste caso cada un a fai dende unha perspectiva diferente. Vos podedes imaxinar, pero mentres un está con unha especie outro xa está con outra, etc. Entre os membros do grupo hai quen vai con reactivos químicos para aplicar en diversas especies de liques e observar en directo as reaccións posibles. Ao rematar estas saídas de campo sempre temos un “terceiro tempo” que nunca falla, unha paradiña para tomar unha cervexa, un viño ou un refresco acompañado dun pincho ou algo máis sólido; a isto chamámoslle rutas micolóxicas gastronómicas, aínda que non levemos ningún cogomelo para degustar logo na casa.

No artigo da revista Nº 15 comentábase que nas dunas da illa aínda non se observou ningún cogomelo, pois agora si, xa se identificaron uns cantos. O problema para atopar estes cogomelos está en cando se pode atravesar ata Ons pois, como saberedes os que coñecedes ben a illa, dependemos das condicións do mar para facer a travesía dende Bueu e logo o máis importante é poder atracar no peirao se o mar de fondo nos deixa facelo con seguridade. Dependendo da estación do ano poderemos observar unhas especies ou outras, se choveu, se logo se levantou unha nordada e secou todo, se orballa de noite, a temperatura. A climatoloxía marca moito se imos atopar especies ou non e, na illa ao estar moi exposta aos ventos isto é un factor a ter en conta. Nas últimas visitas á illa, nos meses do inverno en xaneiro e febreiro, identificáronse diversos cogomelos nas dunas e noutras localizacións.



Feo da praia (*Ammophila arenaria*) e Corregola da praia (*Calystegia soldanella*) sobre as dunas de Melide.

Sobre estes ecosistemas podemos observar unha rica biodiversidade de flora con diversas especies moi adaptadas a estes difíciles ambientes salinos, plantas, brións, gramíneas, ou pequenos arbustos, típicos destes espazos. Citarei algunhas delas. Por exemplo, na primeira liña de praia onde os temporais de vento e mar van modelando estas dunas móbiles, atopamos o feo da praia (*Ammophila arenaria*), especie que posúe unhas boas e profundas raíces para fixarse nestas áreas móbiles; o feo da praia ten algúns cogomelos asociados, *Psathyrella ammophila*, *Peziza ammophila*, *Peziza pseudoammophila*, especies que polo momento non atopamos na illa. Logo está a fermosa *Euphorbia paralias*, o *Helicrysum picardii*, *Cakile maritima*, *Cistus salviifolius*, *Eryngium maritimum*, *Calystegia soldanella*, *Otanthus maritimus*, *Honckenya peploides*, *Pancratium maritimum*, etc. Na illa tamén podemos observar a diminuta e rara *Linaria arenaria*. Estas plantas están adaptadas a vivir en condicións moi difíciles e son auténticas colonizadoras e fixadoras destes espazos. Os cogomelos tamén teñen que adaptarse a este entorno hostil e nalgúns casos protéxense das radiacións do sol deixando o seu chapeu recuberto de grans de area ou buscando a sombra destas plantas.




Cogomelo recuberto de area para protexerse do sol. *Tulostoma brumale* nas dunas de Melide

Para comezar descríbese un cogomelo típico destes hábitats e que gusta do inverno para frutificar.

**Tulostoma brumale.** Ten unha forma curiosa que lembra a un Chupa Chups. Está formado por unha cabeza redondeada e un pé. A cabeza mide de 0,5-1 (1,5) cm de diámetro, é esférica, a miúdo con aboiaduras; cando madura ábrese no ápice un pequeno orificio tubular denominado peristoma. A función deste burato é facilitar a expulsión das esporas ao exterior. A superficie da cabeza é de cor branca sucia a parda clara, de consistencia papirácea. O pé pode acadar de 2-5 cm de longo, é cilíndrico, liso inicialmente e logo lixeiramente escamoso, de cor parda, está ben enterrado no substrato, a súa base é bulbosa e presenta restos miceliares (pequenos fíos) e de substrato adheridos. Poderíamos dicir que é como un “peido de lobo” con pé. Frutifica en chans básicos sobre dunas costeiras, entre brións e gramíneas. A época na que o podemos atopar é dende finais de outono a inverno. En Ons é unha especie frecuente, sobre todo nas dunas da praia de Melide. Foto feita o 10 de decembro do 2010.

Aproveitando que se están describindo cogomelos das dunas, imos continuar con dúas especies que pertencen ao mesmo xénero, *Arrhenia rickenii* e *Arrhenia spathulata*. Nos ecosistemas dunares moitas das especies que podemos observar son de pequeno tamaño, que as fan moito máis interesantes á hora de descubrilas entre a vexetación, pois hai que ter boa vista e saber moi ben onde buscalas.

**Arrhenia rickenii.** Ten un chapeu que pode acadar os 2 cm de diámetro, é redondo, con estrías radiais e cunha pequena depresión central que lle da un aspecto de funil. A superficie é lisa e higrófana (cambio de cor da superficie do sombreiro dependendo da humidade ou a sequidade), de cor parda clara. A marxe é ondulada e lobulada. Baixo o chapeu presenta unha especie de pregues que semellan láminas, son bastante separadas e decorrentes polo pé. A carne é moi escasa, sen sabor e cheiro apreciables. Acostuma a frutificar entre brións da especie *Tortula ruralis*, e podémolo observar dende o outono ata o inverno. A foto foi realizada na zona norte das dunas da praia de Canexol o 23 de xaneiro do 2018.



*Arrhenia rickenii* e *Arrhenia spathulata* sobre as dunas de Canexol

**Arrhenia spathulata.** Como o seu epíteto indica ten forma de espátula, de cuncha ou de abano. Sombreiro ata 2 cm de diámetro, cutícula lixeiramente tomentosa, higrófana e zoada, de cor parda clara a gris abrancazada na madurez. A marxe é ondulada e encurvada cara a dentro. A parte inferior (himenio) esta formada por pregues pouco marcados e decorrentes polo pé. O pé é lateral, de lonxitude moi variable, estreitándose cara á base onde presenta restos adheridos da especie *Tortula ruralis*. Como na especie anterior a súa carne é insignificante e non ten nin cheiro nin sabor que poidamos apreciar. O hábitat é igual a *Arrhenia rickenii*. Foi fotografada na mesma data e localización que a especie anterior. Como podedes comprobar, os cogomelos tamén frutifican nos meses máis fríos do ano.

A maioría dos afeccionados a degustar cogomelos, só van na estación que máis frutifican e abundan, o outono. Cogomelos podemos atopar durante todo o ano se as condicións climatolóxicas e de humidade son as adecuadas. Estes “*manxares dos deuses*”, cualificativo que lle daba o finado Antón Patiño Regueira (socio de honra da Agrupación Micolóxica Naturalista Liboreiro) aos cogomelos considerados bos comestibles, nas conferencias que nos impartía daquela nas xornadas micolóxicas que organizabamos en Bueu, nos nosos primeiros anos de andadura coa Agrupación. Aproveito para darlle as grazas a Antón por todo o que fixo para que nos constituíssemos como Agrupación, redactounos os estatutos, animounos a facer un concurso de pratos con cogomelos, ensinounos a identificalos, fíxonos rir e pasar uns ratos moi agradables que nunca esqueceremos. Unha aperta Antón!!

Algúns cogomelos son moi efémeros e outros máis duradeiros e podemos ollalos durante moito tempo sobre o seu hábitat. Un deles, neste caso moi curioso podémolo atopar en calquera época do ano se sabemos onde atopalo.



*Coccomyces delta* sobre folla de loureiro e detalle da liña negra. *Cordyceps militaris* sobre unha larva

**Coccomyces delta.** É unha especie moi pequena con forma de á delta, de aí o seu epíteto. Mide 1 mm de longo, ten forma de pirámide, coa base triangular na maioría dos casos, ás veces pode ser cadrada. As frutificacións son de cor negra. Cando está na súa fase de arriar as esporas ao exterior, ábrese unha fisura dende o ápice e vai baixando polas arestas, para logo deixar ver no interior a masa esporal de cor abrancazada. Sobre a superficie da folla onde se forman as frutificacións apréciase a simple vista unha decoloración da mesma; esta zona está delimitada por unha delgada liña negra (detalle na foto). Vive sobre a face das follas secas do loureiro (*Laurus nobilis*), nunha mesma folla podemos observar entre 15-20 exemplares perfectamente. Foto realizada o día 26 de xaneiro do 2019 en Pereiró.

A continuación descríbese un curioso cogomelo que parasita animais, coñecido co nome popular de “maza das procesionarias“.

**Cordyceps militaris.** Este fermoso cogomelo desenvólvese baixo terra, logo emerxe do chan en forma de maza. A cabeza é cilíndrica, ás veces aplanada, a superficie é granulosa, de cor alaranxada a vermella laranxa. O pé é cilíndrico, recurvado, estreitado cara á base e lixeiramente granuloso, de cor amarela alaranxada. Ten unha lonxitude moi variable, pois depende da profundidade a que estea enterrado o hóspede ao que parasita. Ás veces podemos observar varios exemplares sobre a mesma larva. O himenio (zona fértil do cogomelo onde están as estruturas produtoras de esporas) recubre toda a cabeza. É unha especie parasita de larvas, eirugas ou crisálidas enterradas, principalmente da procesionaria do piñeiro (*Thaumetopoea pityocampa*). Frutifica en bosques de piñeiros, ás veces formando ringleiras, directamente do chan ou sobre tocos moi degradados de piñeiro. Para poder observar a especie á que parasita debemos afondar



Bosque de loureiros bo barrio de Pereiró. Nesa zona da illa podemos ver algúns fermosos exemplares de loureiro dun porte considerable, posiblemente os máis grandes de Ons

coa axuda dunha navalla e con moito coidado tentar extraer a crisálida de onde emerxe o cogomelo. Este cogomelo estase usando como loita biolóxica natural para combater a praga da procesionaria. A foto foi realizada en febreiro do 2013 no piñeiral de repoboación con piñeiro bravo (*Pinus pinaster*) da Espaduada.

Con formas curiosas e nada comúns para os que non teñan moitos coñecementos sobre micoloxía na illa podemos observar dúas especies popularmente coñecidas co nome de “niños de paxaro“. Estas especies tamén son de pequeno tamaño, pero non por iso deixan de ser espectaculares logo de rebuscar polo chan ata cando un se atopa con eles na natureza.

**Cyathus striatus.** Niño de paxaro ou niño estriado. O corpo frutífero é de 0,5-1 cm de diámetro por 1-1,5 cm de alto. Primeiramente é globoso, logo adquire forma cilíndrica, inicialmente está pechado na parte superior por unha estrutura branca denominada epifragma, co paso do tempo esgázase e deixa ver no seu interior unhas lentellas de pequeno tamaño denominadas peridiolos. A superficie externa (peridio) está recuberta de pelos, de cor parda vermella a parda escura. A cara interna (endoperidio) está claramente acanalada-estriada, e é de cor grisácea. O himenio está formado por unha gleba (masa interna fértil, carnosa ou pulverulenta onde se atopan as esporas) que se aloxa no interior dos peridiolos, son como pequenas lentellas, estas estruturas son de diminuto tamaño e dentro de cada corpo frutífero podemos observar entre 10-15 peridiolos. Son de cor gris e están unidos no interior do receptáculo por un finísimo fio pegañento denominado funículo. Para a dispersión das esporas estes cogomelos aproveitan as gotas da choiva para espaxar as súas esporas, cando cae no interior unha gota de auga estes peridiolos saen disparados ao exterior e grazas ao funículo fixéanse aos diversos substratos próximos. Frutifica sobre restos vexetais, entre follas, madeira en descomposición, moi abundante tamén sobre restos das serraduras de eucaliptos, etc. É un niño de paxaro moi abundante, a miúdo soe estar ben agochado baixo restos vexetais. A foto está realizada no fermoso salgueiral da fonte do Castelo o día 12 de outubro do 2009.

**Crucibulum laeve.** Niño de paxaro. Corpo frutífero con forma de copa de 0,4-0,8 cm de diámetro por 0,5-1 cm de alto. Cara externa do peridio finamente aveludada, de cor branca inicialmente logo é parda amarela a parda escura. Cara interna lisa de cor amarela, cando é novo está recuberto no ápice por unha membrana (epifragma), esta é feltrada de cor amarela ocrácea. Como na especie anterior na madurez ábrese esta estrutura e amosa no interior os peridiolos que neste caso son de cor abrancazada. É un cogomelo que frutifica sobre diversos restos vexetais en descomposición, como palla, madeira, pólas, tamén está citado sobre excrementos de vaca ou cabalo. Non é tan abundosa como a especie anterior. A foto foi feita o 13 de xullo do 2009 sobre restos vexetais en descomposición no interior do bosque de Entenza ou a Mina, ambos topónimos moi usados na illa.



*Cyathus striatus*



*Crucibulum laeve*

No ano 2020 só se puido facer unha visita ata a illa, foi un fermoso día no mes de xaneiro. A ver se para este ano 2021 esta pandemia vaise controlando e podemos facer máis singraduras ata a illa na procura destes seres vivos tan espectaculars e tan variados que temos neste espazo insular. Ons ten moitos segredos agochados que descubrir e dar a coñecer, entre eles a micoloxía. Seguro que en anos vindeiros teremos máis novidades para facer outro pequeno artigo con máis especies.

#### AGRADECEMENTOS

Queremos mostrar o noso agradecemento á dirección do Parque Nacional por autorizarnos á realización de prospeccións micolóxicas na illa de Ons.

#### BIBLIOGRAFÍA

- Bernárdez Villegas, J. G. (2006). *Estudio Florístico de la Isla de Ons. Parque Nacional Marítimo-Terrestre de las Islas Atlánticas de Galicia*. Serie Técnica Organismo Autónomo Parques Nacionales. Madrid.
- Castro, M.; Justo, A.; Lorenzo, P. & Soliño, A (2005). *Guía Micolóxica dos Ecosistemas Galegos*. Ed. Baía Edicións
- García, X.R. (2008). *Guía das plantas de Galicia*. Ed. Xerais
- Marcote, J.M.C.; Pose, M. & Traba, J.M. (2008). *Cogomelos de Galicia*. Xunta de Galicia
- Marcote, J.M.C.; Pose, M. & Traba, J.M. (2011). *500 Setas del Litoral Atlántico y Noroeste Peninsular*. Edicións do Cumio, S.A.
- Marcote, J.M.C. (2010). *Guía de cogomelos dunares do litoral atlántico galego*. Edicións do Cumio, S.A.

COLABORA  
ACTIVIDADES:

Concello de  
**BUEU**

